



abe rábade

Abe Rábade nace en Santiago de Compostela en 1977. Comeza a súa formación musical aos 4 anos de idade na súa cidade natal. Na súa xuventude trasládase a EEUU onde perfecciona os seus estudos e obtén unha licenciatura Cum Laude en Jazz Composition e Piano Performance por Berklee College of Music (Boston). En 2000 fixa a súa residencia en Santiago de Compostela.



Pianista, compositor e docente, lidera o seu trío acústico desde 1996. Babel de Sons (2001) é o seu primeiro álbum, un directo que recolle a actuación galardoada co 2º premio do Concurso Internacional de Grupos de Jazz de Getxo (Euskadi). Nese mesmo ano, é galardoado co Premio Tete Montoliú ao Pianista Revelación en España da SGAE. Simetrías (2002), o seu segundo traballo discográfico, preséntase no Festival de Jazz Plaza de La Habana (Cuba).



Artista para Karonte Records desde 2004, editou nese ano o GHU! Project vol.1, disco a quinteto.




Con motivo do Xacobeo 2004, presenta en Galiza a obra Cantigas Jazz Suite, unha adaptación de cantigas medievais galegas do século XIII a un contexto contemporáneo -proxecto a sexteto coa participación especial da cantante portuguesa Mísia.



En 2006 publica a produción a trío Playing on Light -7 sounding photos-, un traballo programático onde se musican sete fotografías en branco e negro de autores como Ralph Gibson, Dona Ferrato ou Mitsuaki Iwago. A crítica alabou este último traballo elixíndoo como Mellor Disco de Jazz en España de 2006 (Cuadernos de Jazz).

Xunto ás vocalistas Guadi Galego e Uxía Pedreira forma a banda Nordestin@s en 2005, baseada nunha actualización da música popular de Galiza. O seu primeiro disco (Nordestin@s, na compañía Falcatruada) foi dos 100 máis vendidos en España en Xaneiro de 2007. Nordestin@s tamén gañou o 1º premio na VI Edición dos Premios La Opinión de Música Galega.



En Febreiro de 2007 concédeselle o Premio Aula X ao Mellor Solo nas X Xornadas sobre Jazz da UNED (Melilla).



En 2008 forma parte do proxecto dirixido polo poeta Anxo Angueira e produce musicalmente o álbum Rosalía 21 (Falcatruada), unha revisión en clave contemporánea da poeta nacional de Galiza Rosalía de Castro. O traballo foi presentado na Feira Internacional do Libro de La Habana. Neste mesmo ano edita o disco Aloumiños de Seda, un encargo da Dirección Xeral de Política Lingüística (Xunta de Galicia).



O seu máis recente traballo con banda é o álbum Open Doors (2008, en Karonte Records), a segunda entrega do GHU! Project nun formato a Septeto. O disco está ilustrado polo artista compostelán Deli Sánchez. Acadou o 2º posto na votación dos Premis Jaç 09 na categoría de Mellor Disco Internacional -Revista Jaç (Catalunya). En Marzo de 2009 publícase Open Doors Live (Karonte), un DVD ao vivo que recolle a actuación do septeto no Teatro Principal de Compostela.



En Xuño de 2008 produce artisticamente o álbum Sound Colors de Jesús Santandreu (Fresh Sound New Talent).



Xunto ao ilusionista Kiko Pastur estrea a fins de 2008 o espectáculo Jazzia - unha síntese de Maxia e Jazz con música orixinal para piano solo contida no álbum de produción propia Jazzia. En Febreiro de 2009 a Vicerreitoría de Cultura da Universidade de Santiago encoméndalle unha obra orixinal co gallo do Ano Rodríguez Cadarso. A obra leva por título O movemento dos Soños (Edicións da USC). Integrando estas dúas producións pianísticas no seu contido (Jazzia e O movemento dos Soños), en Marzo de 2009 ve a luz o disco Abe Rábade Piano Solo (Karonte Records).

No plano docente Abe Rábade foi representante de Estudio escola de música (Santiago) nos encontros anuais da International Association of Schools of Jazz (IASJ) celebrados en Boston (2001) e Helsinki (2002). Desde o ano 2000 é director artístico do Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra (SPJ) xunto a Paco Charlín.

Colaborou en directos e gravacións con músicos como Miguel Zenón, Claudia Acuña, Jeff Williams, Alan Ferber, Paco Charlín, Bruno Pedroso, Skip Hadden, Jesús Santandreu, Chris Kase, Perico Sambeat, Víctor de Diego, Jorge Pardo, Antonio Serrano, Horacio Fumero, Jeff Harrington, Raynald Colom, John O'Gallagher, Nelson Cascais, Deborah Carter, Marc Miralta, Tom Warburton, Marc Ayza, Miquel Casany, Carlos Barreto, Mário Barreiros, Nuno Ferreira, Guim García Balasch ou Ramón Ángel entre outros moitos.

Ofrece concertos no ámbito estatal e internacional, destacando os principais Festivais do estado español, así como concertos en París e Toulouse (Francia), Berlín, Munich e Kiel (Alemaña), Lausanne (Suíza), Porto, Lisboa e Madeira (Portugal), Tánxer (Marrocos), Boston (USA), Birmingham (UK), La Habana (Cuba), Helsinki (Finlandia), Salvador de Bahía (Brasil), entre outros.



ABE RÁBADE TRIO · Fotografía de Sergio Calbanillas, Madrid, 2008.

DISCOGRAFÍA E VIDEOGRAFÍA:

LÍDER E CO-LÍDER:

Babel de Sons, 2001 (Xingra)
Sietrías, 2002 (Xingra)
GHU! Project vol.1, 2004 (Nuba + Karonte Records)
Playing on Light –7 sounding photos, 2006 (Nuba + Karonte Records)
Nordestin@s, , 2006 (Falcatruada)
Rosalía 21, 2008 (Falcatruada)
Open Doors (GHU! Project vol.2, 2008 (Nuba + Karonte Records)
Jazzia, 2008 (Producción Propia)
Aloumiños de Seda, 2008 (*Xeración e Logo*)
O movemento dos Soños, 2009 (Edicións da USC)
Abe Rábade Piano Solo, 2009 (Nuba + Karonte Records)
Open Doors Live [DVD], 2009 (Nuba + Karonte Records)

COMPOSITOR E ARRANXISTA:

A Canary Man in Boston -René González Big band-, 2003 (+ Ná)
May's Idea –Ten Jazz Men-, 2007 (Free Code)

COLABORACIÓNS:

Wes Montgomery Revisited -Miquel Casany-, 2005 (Sedajazz)
Out of the Cage –Jesús Santandreu Quartet-, 2007 (Fresh Sound New Talent)
Jazz in Galiza Series vol.1 –J. O'Gallagher, P. Charlín, J. Williams-, 2007 (Free Code)
Scketches of Groove -Raynald Colom-, 2007 (Fresh Sound New Talent)

PRODUCTOR ARTÍSTICO:

Sound Colors –Jesús Santandreu-, 2008 (Fresh Sound New Talent)